



CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROGRAMAS DE ACTIVIDADES ESTUDANTÍS 2021

A Universidade da Coruña publica a presente convocatoria de axudas a programas de actividades estudantís para o ano 2021 destinadas ás asociacións da Universidade da Coruña legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Universidade da Coruña (RAE/RAAE-UDC).

OBXECTO

Mediante esta convocatoria preténdese estimular e incrementar as actividades realizadas polo estudantado e estudantado egresado nos ámbitos científicos, cultural e deportivo, co obxectivo de fomentar hábitos participativos, a difusión do coñecemento da oferta académica, promoción e prestixio da institución universitaria. Para os efectos, esta convocatoria de axudas recolle os seguintes programas de actividades:

1. Dinamización da información e participación estudantil.
2. Promoción e desenvolvemento científico, cultural, artístico e deportivo.
3. Preparación para o exercicio de actividades profesionais.
4. Promoción das titulacións da Universidade da Coruña.
5. Promoción e dinamización en tolerancia e igualdade
6. Calquera outra actividade que favoreza o desenvolvemento da participación activa do estudantado na súa propia formación e na libre manifestación de opinións científicas.

Quedan excluídas desta convocatoria as actividades de carácter académico previstas nos programas de estudos das diferentes titulacións da Universidade da Coruña.

CONDICIÓNS DAS ENTIDADES SOLICITANTES

Poderán solicitar axudas nesta convocatoria todas as asociacións da Universidade da Coruña legalmente constituídas e inscritas no RAE/RAAE-UDC que cumpran os seguintes requisitos:

- ✓ Asociacións de estudantes:

Deberán cumprir cos requisitos establecidos no artigo 20 do Regulamento de Asociacións de Estudantes, aprobado na sesión do Consello de Goberno de 19 de decembro de 2005 e modificado na sesión do 26 de novembro de 2009. Cada asociación só poderá presentar unha única solicitude en que constarán todas as actividades para as que se solicita a axuda.

- ✓ Asociacións de antigos estudantes

Deberán cumprir cos requisitos establecidos nos artigos 1,3,8 e 17 do Regulamento de asociacións de antigos/as estudantes da Universidade da Coruña



FINANCIAMENTO

A presente convocatoria de axudas a programas de actividades estudiantís será financiada con cargo á partida orzamentaria **0300030022 422D 480 01**, denominada Axudas a Asociacións e Grupos de Estudantes, da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade. A dotación económica desta convocatoria será de **30.000 €**.

DOCUMENTACIÓN

A solicitude presentarse no modelo normalizado (anexo I), dirixida á vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade, acompañada da seguinte documentación:

A) PARA TODAS AS ENTIDADES SOLICITANTES

1. Programa detallado das actividades que se van realizar.
2. Orzamento detallado das actividades que se van realizar (o importe total solicitado por cada asociación non poderá superar o 50% da cantidade da partida asignada para esta convocatoria).
3. Fontes externas de financiamento, se as houber.
4. Cada actividade situarase dentro dos programas e actividades para os que se solicita a axuda como consta na ficha de solicitude.
5. No caso de coincidencia temática con outra proposta da mesma asociación, entendida esta coincidencia por extenso, e dado o carácter das actividades, consideraranse como unha sola actividade.
6. As actividades desenvolveranse ao longo do ano natural 2021, con data límite de realización ao peche do exercicio económico, sen prexuízo de presentar a memoria de actividades implementada no prazo do 31 de outubro.

B) ASOCIACIÓNS BENEFICIARIAS DUNHA AXUDA NA CONVOCATORIA 2020

As asociacións que resultaran beneficiarias dunha axuda na convocatoria do ano 2020, deberán presentar unha breve memoria xustificativa dos gastos, incidencias, calidade e participación estudiantil das diversas actividades realizadas e autorizadas.

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno, será a encargada de estudar e propor de xeito priorizado a selección de solicitudes.

A Comisión poderá conceder axudas de menor contía ás solicitadas en función do número e das características das solicitudes presentadas e das limitacións orzamentarias. A lista provisional das solicitudes admitidas publicárase na Sede Electrónica da UDC e abrírase un prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións. A resolución das actividades aprobadas publicárase no mesmo lugar.

Igualmente notificaráselle a cada asociación solicitante o importe da axuda concedida.



BAREMO

Os criterios para a avaliación serán os seguintes:

1. Fixo para cada solicitante (15%)
2. Número de estudantes e centros potencialmente beneficiarios das actividades (30%; 45%; 60%).
3. Carácter continuado e non simplemente ocasional das actividades (4%).
4. Resultados que se obtiveron en convocatorias anteriores (4%).
5. Capacidade para xerar procesos de participación, potenciación da tolerancia e igualdade (4%).
6. Viabilidade do proxecto en función dos recursos do grupo promotor (5%).
7. Fontes de financiamento externo solicitado ou concedido (3%).
8. Colaboración na difusión das titulacións da UDC (5%).

OBRIGAS DAS ENTIDADES ADXUDICATARIAS

A aceptación da axuda por parte da asociación solicitante, compromete a esta, a realizar as actividades programadas.

Calquera modificación substancial do programa orixinalmente proposto, deberalle ser notificada á Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade para a súa toma en consideración, solicitándolle a autorización para realizar a actividade obxecto de modificación.

Na publicidade das actividades e, de ser o caso, nas publicacións derivadas, farase constar expresamente que foron financiadas ou cofinanciadas pola Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade da Universidade da Coruña.

As asociacións beneficiarias deberánlle presentar á Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade, entre o 1 de setembro e o 31 de outubro de 2021, unha memoria das actividades realizadas pola Asociación ao abeiro desta convocatoria, acompañada das evidencias correspondentes. No caso de que as actividades estean suxeitas a unha aportación económica por parte das persoas inscritas, ten que ser debidamente xustificada na súa memoria de actividades.

Así mesmo, os datos das asociacións de estudantes terán que estar actualizados como establece o artigo 20 do Regulamento de Asociacións de Estudantes aprobado na sesión do Consello de Goberno de 19 de decembro de 2005 e modificado na sesión do 26 de novembro de 2009.

As asociacións de antigos/as estudantes, deberán comunicar/confirmar os datos da súa Xunta Directiva á Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade antes do 31 de outubro do ano en curso.

INCUMPRIMENTO

O incumprimento dos compromisos adquiridos coas propias bases da convocatoria dará lugar á suspensión da axuda concedida.

O incumprimento coa presentación da memoria en prazo e forma suporá a exclusión das convocatorias a programas de actividades estudantís inmediatas.



SEGUIMIENTO

Para o seguimento e control das axudas concedidas, a Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno, a través da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade, poderalles solicitar ás asociacións toda a documentación que considere necesaria, reservándose o dereito de comprobar os contidos na solicitude de subvención, verificar a realización das actividades subvencionadas e difundir e dar a coñecer estas publicamente.

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de selección estará composta pola seguintes persoas:

Vicerreitoras

- Lombardía Cortiña, María José (presidenta)
- López Villar, Cristina

Profesorado

- Ávila Álvarez, Adriana Ivette
- Calvo Rolle, José Luis
- Dopico Calvo, Xurxo
- Ladra González, Susana
- Busto Lago, José M.
- Martín Santamaría, María José

Representantes do estudantado

- Bañón Goiriz, María
- Rey Furelos, Martín

Representante de administración e Servizos

- Pernas Ladra, Juan Manuel

PAGAMENTOS

Os pagamentos derivados da aplicación das axudas, deben ser xustificandos documentalmente a través das correspondentes facturas que serán presentadas no Servizo de Estudantes - SAPE (Pavillón de Estudantes, campus de Elviña, 15071 A Coruña) xunto co orixinal para o seu cotexo antes do 31 de outubro de 2021. Os pagos serán tramitados e librados aos receptores últimos polo centro de gasto da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade.

SITUACIÓN COVID-19

As actividades autorizadas e financiadas deberán adaptarse á normativa vixente ditada pola autoridade competente e ás medidas que esta adopte en relación coa COVID-19.

A Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade resérvase a posibilidade de cancelar/modificar esta convocatoria no caso de verse afectada polas circunstancias sanitarias actuais e as dificultades para resolver e posteriormente desenvolver as actividades aprobadas.

Para aquelas actividades que se desenvolvan presencialmente, será precisa a presentación dunha proposta alternativa para o caso de restricións de mobilidade e presencialidade que impidan que se realicen na modalidade presencial.



INCIDENCIAS

A Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade resolverá todas as consultas, dúbidas ou incidencias que se produzan na aplicación desta convocatoria.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes, segundo o modelo publicado como Anexo I a esta convocatoria, dirixiranse a Vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade e deberán presentar:

- No Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña)
- No Rexistro do campus da Zapateira (registro auxiliar de Zapateira, baixo da Facultade de Ciencias)
- No Rexistro Auxiliar de Ferrol, Edificio de Apoio ao Estudo, campus de Esteiro, Ferrol
- Na Sede electrónica UDC: <https://sede.udc.gal/>
- Mediante o envío da documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou norma que o substitúa.

O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria até **as 14:30 h do 10 de marzo de 2021**.

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (“Regulamento Xeral de Protección de Datos” ou RXPDP), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que as asociacións interesadas faciliten mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal

A solicitude da axuda ao abeiro desta convocatoria, implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os datos das asociacións e os datos proporcionados por éstas, sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD e lexitimándose nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXPDP, coa finalidade da correcta xestión da axuda a programas de actividades estudantís. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, as asociacións de estudantes interesadas consinten expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en dito taboleiro.



Os datos persoais facilitados polas asociacións de estudantes, serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na LOPD.

As asociacións interesadas consinten o tratamento dos datos aos efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terán dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos e a limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderá exercelos:

prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cumprimentar na Sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>) no apartado Outros trámites;

mediante solicitude ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), á dirección Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático da Sede electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.

mediante solicitude á persoa delegada de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través del rexistro telemático da citada Sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC

Asemade, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

A Coruña, 17 de febreiro de 2021

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade

María José Lombardía Cortiña



**SOLICITUDE DE AXUDAS A PROGRAMAS DE ACTIVIDADES
ESTUDANTÍS 2021**

ANEXO I

Nome da asociación: _____

Apelidos e nome da persoa que preside a asociación (ou persoa en quen delegue): _____

Enderezo para os efectos da notificación: _____

Teléfono de contacto: _____ Correo electrónico: _____

ACTIVIDADE	DATA DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE	AXUDA QUE SE SOLICITA	AXUDA QUE SE CONCEDE

A Coruña, de de 2021

Asdo.: _____

**SRA. VICERREITORA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E
EMPREGABILIDADE**